

unidade didáctica educación primaria

8 DE MARZO 2011




FAI
VER

8 de marzo (1911- 2011),
cen anos de celebración



Área de Publicaciones
Confederación Intersindical



INTRODUCCIÓN

Como cada 8 de marzo, desde a Secretaría da Muller do STEG, ofrecémosvos unha serie de actividades para que as traballedes na aula. Para este ano a temática que preferimos traballar foi a Visibilidade das Mulleres, desde todos os ámbitos nos que as mulleres non son vistas ou son vistas de forma machista, con ollos que a transforman no que esta sociedade patriarcal-capitalista quere que sexa, como quere que sexa vista.

As mulleres foron invisibilizadas ao longo da historia, pois esta foi escrita por homes; este feito debe ser explicado ao alumnado. Pero de forma paralela a esta nova interpretación da historia na que as mulleres teñen un papel de co-protagonistas, é de vital importancia que o alumnado sexa crítico tamén co contexto no que se desenvolven e sexan partícipes da creación de medidas correctoras que visibilicen á muller no momento actual.

Non podemos deixar de camiñar para unha visibilización das mulleres tal e como somos, mulleres neste mundo!. Esperamos, que vos sexan de utilidade e nos sirvan para seguir cambiando as olladas.

OBXECTIVOS

- Comprender o concepto de visibilidade-invisibilidade.
- Crear espírito crítico ante a desigualdade entre homes e mulleres.
- Corrixir determinados aspectos da realidade a través dunha situación lúdica.



TINTA INVISÍBEL



Imos facer un experimento.

Sabes o que é a TINTA SIMPÁTICA ou INVISÍBEL? Imos coñecela!

MATERIAIS

- Zume de limón ou vinagre
- Vaso de papel
- Escarvantes
- Papel fino branco
- Lámpada

ACTIVIDADE

- 1.-Mollamos o escarvantes no zume de limón ou vinagre e escribimos unha mensaxe secreta para unha compañeira ou compañeiro na folla de papel.
- 2.-Esperamos que a folla de papel seque completamente.
- 3.-Entregamos a folla de papel coa mensaxe invisíbel á persoa escollida.
- 4.-Colocamos a folla de papel preto da lámpada de luz prendida.
- 5.-Sorprenderédesvos moitísimo cando vexades aparecer ante os vossos ollos a mensaxe secreta.




ADVERTENCIA: Lembrar ao alumnado que as lámpadas se quentan doadamente, polo que deben ter moito coidado cando sosteñan o papel preto da lámpada acesa para non queimarse.





INVISIBILIDADE DAS MULLERES



Agora, tras descubrir que é a tinta invisíbel, abrimos un espazo de reflexión: Verdade que, aínda que o papel estaba escrito, non podíades ver a mensaxe? Así sucede con algunhas persoas, especialmente se son mulleres.
Por exemplo,

a) Sabes quen inventou a linguaxe binaria básica para a creación dos ordenadores? (Resposta: Ada Byron)

b) Sabes que famosísima novela escribiu Mary Shelley? (Resposta: Frankenstein)




Se non podes contestar estas preguntas é porque para ti algunhas mulleres importantes son invisíbeis.

Contesta:

Por que cres que sucede iso?

Como podemos solucionalo?



c) Sabes desde cando podemos votar as mulleres en España e quen logrou? (Clara Campoamor, 1931)

d) Coñeces o traballo de Jane Goodall cos simios?





VISIBILIZACIÓN NOS CONTOS

Comezase coa motivación dos nenos e das nenas. Nesta fase lerase o conto “E eu, tamén” de Cuncha Lobejón Sánchez ilustrado por Cuncha Santiago dos Mozos. Pódese atopar en:

<http://www.baiona.org/pdf/igualdade/materiais.didacticos/primaria/contos/y.yo.tambien>

- Debateremos sobre os dous conceptos que recolle o libro: os estereotipos de xénero en canto a oficios e labores domésticas e a invisibilidade histórica da muller. No libro aparece unha ilustración na que unha silueta suxeita un cartel coa seguinte mensaxe: CONTRA A INVISIBILIDADE. Partindo desta ilustración, explicaráselle ao alumnado o concepto de visibilidade-invisibilidade.
- Fabricamos o “equipo” que os nenos e as nenas necesitarán para investigar e defender dentro do colexio a igualdade entre xéneros e a visibilidade de nenas e profesoras:
 - * Lentes de xénero que nos van axudar a ver mellor e a observar se no noso colexio se omite nalgún caso ás nenas ou profesoras. Tamén detectaremos as situacións en que os nenos ou profesores puidesen ter unha situación de “privilexio”. Facémolas con variñas flexíbeis de cores, ou simplemente con cartolina.
 - * Confeccionamos un carné que se colocarán cunha pinza na roupa e que conterá a seguinte mensaxe: É DEFENSOR/A DA IGUALDADE ENTRE NENAS E NENOS.
- O alumnado terá que investigar no seu colexio e descubrir se hai visibilidade para as mulleres, tanto a nivel de profesorado como de alumnado, ou se polo contrario se atopan excluídas ou relegadas. Observaremos distintos aspectos:
 - * Linguaxe: en carteis expostos nas paredes e que puideron elaborar o alumnado ou axentes do sector da publicidade ou da información (sala de profesores...).
 - * Ximnasio: carteis con resultados de campionatos de deportes maioritariamente masculinos...



- * Patio: lugares que acostuman ocupar os nenos e as nenas neste espazo. Os campos de fútbol acostuman ocupar un lugar central, deixando ás nenas espazos situados nos laterais.
 - Finalmente colocaremos POST-IT que corrixan as omisións no caso da linguaxe, comprometerémonos a compartir mellor os espazos no patio.



METODOLOXÍA:

O alumnado terá un papel activo. Unha vez que foron motivados e orientados na nova aprendizaxe polo profesorado; serán os e as protagonistas, que irán investigando e descubrindo a situación na que se desenvolven para conseguir unha aprendizaxe significativa. Partimos da realidade máis próxima aos nenos e ás nenas, é dicir, a contorna na que conviven: a súa escola.



MIRANDO EN TODOS OS SENTIDOS


Obxectivo xeral:

Con esta actividade, que busca como obxectivo xeral, como todas, Visibilizar á muller, imos buscar estoutros obxectivos específicos:

- Valorar o traballo de mulleres científicas que nunca saíron nos libros.
 - Transmitir a necesidade de que todos os seres humanos sexamos tratados con igualdade e respecto, tanto persoal como profesional.
 - Motivar ás nenas a introducirse en disciplinas ata agora moi masculinizadas.
- http://www.entretodas.net/wp-content/1_08/2008/06/4_cientificas.jpg

Bo pois imos a iso


1. Poremos a todas as nenas e a todos os nenos en círculo.



2. Facilitarémolles un papeliño cos nomes e as profesións das mulleres científicas que sinalamos deseguido para que as unan:

Marie Curie	Investigadora da radioactividade
Rosalind Franklin	Biofísica, o seu traballo foi determinante para o coñecemento do ADN
Hipatia.	Filósofa neoplatónica, salientou en matemáticas e astronomía
Jocelyn Bell Burnell.	Astrofísica, descubridora do primeiro radiosinal de púlsar
Ada Lovelace.	Pioneira en programación informática
Lise Meitner.	Física, descubridora do protactinio
Dorothy Crowfoot Hodgkin	Química, pioneira na aplicación de raios X á bioquímica
Sophie Germain	Matemática francesa, destacou polas súas achegas á teoría de números
Rachel Carson	Figura clave no ámbito da ecoloxía e da xeración de conciencia ambiental
Jane Goodall.	Primatóloga, estudou o uso de ferramentas en chimpancés

3. Explicaremos de forma sinxela e cunha linguaxe adaptada, tanto o tipo de profesións de que se trata como o motivo polo que se distinguiron estas mulleres dentro de cada unha desas profesións, salientando o seu valor e os logros que acadaron.
4. Posteriormente proxectaremos (de ser posíbel) as imaxes das fotos da páxina seguinte na pantalla, para que o alumnado poida visualizar o traballo real que pode chegar a realizarse nos distintos traballos e ver se son quen de identificar a actividade, coa profesión que lle corresponde e das que falabamos no apartado anterior.



Profesión

Profesión



Profesión



Profesión



Profesión



Profesión




Profesión



Profesión

Profesión



Profesión



É HORA DE INVESTIGAR

M A F A L D A "candidata a presidenta del planeta"

Investiga sobre as mulleres presidentas que hai no mundo, escolle a que máis che chame a atención, investiga sobre a súa vida e fai un breve resumo da mesma. A continuación contesta ás seguintes preguntas:

- Que che chamou a atención desta muller? Por que?
- Cres que debería haber máis mulleres presidentas?
- Por que? Pensabas que habería máis das que realmente hai?

**Materiais de traballo:**

http://www.ellitoral.com/index.php/id_um/25733/origen/rss
<http://listas.20minutos.es/lista/mujeres-presidentas-259305/>

OUTROS CONTOS

Pescuda o significado da palabra estereotipo, unha vez que entendas o seu significado, comenta co resto da clase as actitudes que consideras que son estereotipadas nos homes e nas mulleres. Fai unha listaxe de estereotipos sexuais que cres que son falsos. Por exemplo: "os nenos ou os homes non choran", "as nenas ou as mulleres son medorentas"

Mira o seguinte vídeo de YouTube con dúas propostas moi resumidas e alternativas de dous contos tradicionais. Nos dous, o protagonista ten unha actitude non estereotipada, pois se comporta dun xeito diferente ao de todas as princesas. Comenta que estereotipos rompe co seu comportamento e se che parece imposible que unha rapaza faga as cousas que ela fai.

url: <http://www.youtube.com/watch?v=7k1UnDQMxbc>

Que mensaxe cres que nos queren transmitir con estes contos? Cal cres que é a mensaxe dos contos tradicionais nos que se inspiran?



En pequenos grupos escollede outro conto clásico e facede un cómic con viñetas como as do vídeo que acabades de ver, introducindo actitudes e comportamentos non estereotipados por parte dos protagonistas femininos e masculino.



(Táboa 1)

LISTAXE DE TRAZOS OU CALIDADES

BELEZA	AGARIMO
ELEGANCIA	TENRURA
DELICADEZA	SUAVIDADE
DOZURA	AFECTO
ENCANTO	VITAL
DISTINCIÓN	ALEGRE
SEDUCCIÓN	FORTE
SIMPATÍA	NATURAL
VITAL	PASIONAL
LIBERAL	ATRACCIÓN
ORIXINAL	ACTUAL
ADMIRÁBEL	INTELIXENTE
CREATIVIDADE	AVENTURA
LIMPEZA	COIDADOS

VÉMOMOS NOS ANUNCIOS?

(Táboa 2)

	PRODUTO	A QUEN VAI DESTINADO	TRAZOS OU CALIDADES DO HOME	TRAZOS OU CALIDADES DA MULLER
ANUNCIO 1				
ANUNCIO 2				
ANUNCIO 3				
ANUNCIO 4				
ANUNCIO 5				

Obxectivos:

- Ter conciencia do papel que a publicidade xoga na transmisión de estereotipos de xénero.
- Adquirir unha visión crítica respecto á visualización da muller nos anuncios publicitarios.
- Recoñecer os distintos valores e emocións que transmiten os anuncios publicitarios.

Proposta de Actividades:

- O alumnado traerá a clase recortes de revistas, xornais, etc., que anuncien diferentes produtos e nos que aparezan imaxes de mulleres e homes. Tamén se poden atopar en Internet.
- Formando un grupo grande, o ou a docente explicará as características principais dos estereotipos de xénero e do papel asignado a mulleres e homes na publicidade; para chegar previamente ao alumnado ao coñecemento dos papeis asignados en función do xénero.
- Dividiremos a clase en grupos e analizaremos os recortes de anuncios que asignásemos a cada grupo.



Coa listaxe de trazos ou calidades que propomos hai que cubrir a táboa que se xunta (Táboa 1).

- Unha vez acabado todo isto, noméase un portavoz de cada grupo para que explique a súa táboa.

Para finalizar, faremos unha mesa redonda, na que o alumnado, unha vez analizadas as táboas de cada grupo, pode responder a preguntas como:

- Que estereotipos de xénero se están a transmitir nos anuncios?.
- Aparece a muller coa mesma visibilidade que o home?.
- Que papel se lles atribúe en cada anuncio?.
- Consideras sexistas eses papeis?.
- Con base a un anuncio concreto, que elementos modificaríamos para eliminar os estereotipos?.



